



D. Xosé Lois Rey Muñiz, con enderezo a efectos de notificación no apartado de Correos nº 303 de Vilagarcía, provisto de D.N.I. nº 35.451.163, actuando en nome e representación da SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL, asociación inscrita co nº 18.487 no Rexistro Nacional de Asociacións, en relación co documento de síntese do ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL DO PROXECTO SECTORIAL PARA O ASENTAMENTO INDUSTRIAL DE LOURIZAN (Pontevedra) DO GRUPO EMPRESARIAL ENCE, S.A recollido no **expediente 2003/0205** do que se remiteu o citado Documento de Síntese a esta entidade.

CONSIDERANDO:

- A ubicación das actuais plantas de ENCE, S.A. e ELNOSA na marxe esquerda da ría de Pontevedra.
- A ubicación destas plantas entre as poboacións de Pontevedra Marín.
- A industria marisqueira local e os empregos dependentes desta industria.
- As posibilidades de desenvolvemento desta industria a medio e longo prazo.

EXPÓN:

- Que o proxecto pretende racionaliza-lo uso das instalacións da actual fábrica de celulosa co proxecto da fábrica de Tisú e a nova planta de tratamento de vertidos, facendo común parte da obra civil e sistemas de xestión.
- Que a ubicación da fábrica de tisú neste área, implicaría a consolidación dunha empresa que hipotecou o desenvolvemento económico do sector marisqueiro local, así como o turístico, ó eliminar un área de praias como Lourizán-Praceres.



- Que o asentamento da poboación de Marín e Pontevedra está cercenado nesta área, ó impedi-la actual ubicación do complexo industrial a evolución e unión dos núcleos de poboación de Marín e Pontevedra, tanto pola ubicación física como polas molestias, especialmente polas desagradables emisións olorosas que emite esta industria e que incluso constituen un referente social para que se achega a Pontevedra e Marín.
- Que o cumprimento da lexislación e normativa de aplicación medioambiental da que se asegura no documento será realizada, non é unha actitude que se poida presentar como voluntaria, xa que é de obrigado cumprimento para esta e calisquer outra industria con estas características.
- Que a actual industria provocou e mantén unha situación de contaminación permanente na ría, o que limita actualmente a produción marisqueira, reduce a calidade das augas e polo tanto de sustentación das cadeas tróficas na súa área de influencia.

Neste senso, entre os estudos que centran o seu obxectivo nos efectos dos vertidos industriais do complexo ENCE-ELNOSA instalado na ría de Pontevedra compre destacar, entre os que se centran no bentos intermareal rochoso, o levado a cabo polo Instituto de Investigacións Pesqueiras (CSIC) de Vigo a cargo de Niell (1.974). Neste estudio se describen as alteracións atopadas na zonación do fito e o zoobentos na área afectada polo vertido da fábrica de pasta de papel, en comparación coa zonación atopada na ría de Vigo. Ademais destas variacións, tamén se describen certas anormalidades como: diminución de biomasa, menor diversidade, rasgos anormais no tocante a idade, crecemento e morfoloxía das poboacións estudadas e presenza de organismos indicadores de contaminación.

No que atinxe á contaminación de animais bentónicos na ría de Pontevedra, o Instituto Español de Oceanografía publicou, entre outros, os resultados obtidos por Aravio e Masso (1.975) os resultados acadados no estudio do contido en mercurio dos moluscos desta ría, fruto dun traballo no que “*se trata de determinar la contaminación en mercurio (...) en relación con el emplazamiento de la fábrica de pasta de papel Kraft, Celulosa de Pontevedra, S.A.*”.



Entre as conclusións deste estudo se sinala que “*en toda la ría de Pontevedra se aprecia la acumulación de mercurio en estos moluscos (almeixas, berberechos e mexillóns), pues aun en los lugares más alejados de la fábrica el contenido en mercurio es claramente superior al que tienen los mismos en las rías de Arousa y Muros*”.

Tocante á acumulación de metais pesados nos sedimentos, Rubio *et al* (1.995) sinalan un enriquecemento en Pb, Cu e Zn “*hacia la cabecera de la ría, reflejando la influencia de los vertidos industriales.*” ó mesmo tempo que reflicten a non contaminación por Ni, Co e Cr. Entre os vertidos industriais, este mesmo traballo cita a ENCE e ELNOSA (comparten un mesmo punto de vertido) ó E de Marín e a TAFISA augas arriba de Pontevedra no esteiro do Lérez.

Polo que respecta ó medio físico, o contido en osíxeno na auga de mar na enseada de Lourizán, onde se produce o vertido de ENCE-ELNOSA amosa unha situación crítica, con niveis que chegan a un 7,4% de saturación normalmente aliviados por efecto das mareas ESCORP-Fase I, 1.980 en Mora *et al.* (1.989). Neste mesmo traballo se citan múltiples estudos sobre o contido en materia orgánica, que alcanza as maiores concentracións no interior da ría con valores elevadísimos e que chegan a acadar o 20%. Neste e sucesivos traballos, (Planas e Mora, 1.988 e 1.989 entre outros) demóstrase influencia da contaminación orgánica nas proximidades do vertido de ENCE-ELNOSA nos diferentes aspectos cualitativos, cuantitativos e tróficos das poboacións do macrozoobentos tanto intermareal como submareal. Así, pode comprobarse a ampla presenza de especies indicadoras de contaminación que aumenta cara ó vertido, a variación espacial da densidade, riqueza específica, diversidade e equitatividade, entre outros parámetros.

(Niell, X. 1974. Efectos de los vertidos industriales de una fábrica de pasta de papel sobre la estructura del sistema intermareal (facies rocosa). *Las Ciencias*, 39(5) ; Aravio, J. & Masso, C. 1975. El contenido en mercurio de los moluscos en la Ría de Pontevedra como medida de su grado de contaminación en dicho metal. *Bol. Inst. Esp. Oceanogr.*, 191: 3-16.; Rubio, B.; Nombela, M.A.; Vilas, F.; Alejo, I.; García-Gil, S.; García-Gil, E. e Pazos, O. 1995. Distribución y Enriquecimiento de metales pesados en saedimentos actuales de la parte interna de la ría de Pontevedra. *Thalassas*, 11: 35-45. ; Mora, J., Planas, M. & Silva, R. 1989. Impacto de la contaminación orgánica en la ensenada de Lourizán (Proyecto Escorp). I.- El medio



físico y la macrofauna bentónica. Cah. Biol. Mar., 30: 181-199. ; Planas, M. & Mora, J. 1988. Impacto de la contaminación orgánica en la ensenada de Lourizán (Proyecto Escorp.). III.- Aspectos cuantitativos de la dinamica poblacional del macrobentos. Thalassas, 6: 15-22. ; Planas, M. & Mora, J. 1989. Impacto de la contaminación orgánica en la Ensenada de Lourizán (Proyecto Escorp). IV.- Estructura trófica del macrozoobentos. Thalassas, 7: 39-47.)

- Que se ben o impacto na ría veuse reducido coa aplicación de novos sistemas de depuración, é suliñable que este complexo industrial accedeu a mellorar os sistemas de depuración de efluentes baixo a presión social.

SOLICITA:

- Que se considere improcedente o actual proxecto na ubicación de Lourizán e se plantexe a ubicación nun polígono industrial axeitado, con capacidade para desenvolve-lo conxunto industrial de ENCE, S.A., a fábrica de Tisú, e aínda que non contemplado no proxecto, de ELNOSA, co seus axeitados dispositivos de minimización de emisións e depuración dos mesmos.

Vilagarcía, a vinteseite de outubro de 2003.

Sdo.: Xosé Lois Rey Muñiz, Delegado

**SUBDIRECCIÓN XERAL DE AVALIACIÓN AMBIENTAL.
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE. XUNTA DE GALICIA.**